



# XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E  
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E SECRETARIO DO  
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do doce de maio de dous mil vinte e un adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Creación e cualificación da colección MUVICLA (Colección Museográfica Viva e Integrada do Campo e a Locomoción Agraria) segundo o disposto nos artigos 4 e 13 da Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, coas seguintes características:

-Ambito territorial: Autonómico.

-Contido temático: Especializado relativo á evolución da cultura agraria e a mecanización do agro en Galicia no século XX.

-Obxectivos: Divulgar a evolución e o desenvolvemento da casa de labranza que lle da soporte e, por extensión, a historia da mecanización da agricultura en Galicia, a transformación do sector produtivo que explica, en gran parte, os cambios producidos na sociedade galega dende mediados do século XX.

-Estrutura: dotado de coleccións, servizos museísticos, instalacións, equipamento, mobiliario, persoal e orzamentos necesarios para o cumprimento eficaz dos seus fins”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do sr. presidente, en Santiago de Compostela a doce de maio de dous mil vinte e un.

Visto e praxe

O PRESIDENTE